

BASES #AFUMEDECAROZO

A Asociación Senunpeso Producións convoca a cuarta edición do concurso A Fume de Carozo do LAV.mov, un certame de realización *express* de curtametraxes que ten como obxectivo promover o interese pola creación audiovisual, descubrir novos talentos e aumentar o impacto da actividade de Senunpeso en Vedra e comarca.

O concurso desenvolverase do 7 ao 9 de outubro de 2022 no concello de Vedra.

INSCRICIÓN

_A participación no certame poderá ser de xeito individual ou en grupo, considerándose ambas as modalidades equivalentes e indistintas á hora de optar aos premios. Todas as persoas que participen deben ter máis de 14 anos (as menores de 18 anos deberán achegar unha autorización asinada por unha das persoas proxenitoras ou titoras legais).

_A inscrición formalizarase a través de internet cubrindo un formulario na web www.senunpeso.org, onde se deberá indicar:

- Nome, apelidos, teléfono e e-mail da/s persoa/s responsable/s do equipo.
- Número de membros do equipo, nome e apelidos de todas as persoas participantes (esta información pode ampliarse ou cambiarse máis adiante, non é determinante, abonda con inscribir o equipo cunha persoa como responsable).

_A inscrición ten un custo de 10 € por equipo de rodaxe (con independencia do número de persoas que o integren). A cota de inscrición pagarase a través de PayPal ao realizar a inscrición na web www.senunpeso.org. A praza non estará reservada ata que se efectúe o pagamento.

O número máximo de equipos participantes será de 10 (as persoas que se presenten de xeito individual contan como un equipo).

_A inscrición poderá realizarse a partir do 1 de setembro de 2022 e finalizará o 30 de setembro de 2022. Tras cubrir o número máximo de equipos por estrita orde de pagamento, elaborárase unha lista de espera de equipos que poderán participar se hai baixas.

RECEPCIÓN DE PARTICIPANTES

_O venres 7 de outubro de 2022 ás 18 h. convocaranse as persoas participantes individuais e os equipos (ou representante/s do equipo) na Nave da Estación de tren de Santa Cruz de Ribadulla en Vedra para proporcionarlles:

- As normas particulares do concurso que non sairán á luz ata ese momento. Estas condicións, que poden ser relativas á temática (guión, localizacións, *atrezzo* etc.), serán de obrigado cumprimento.
- Un catálogo de escenarios e contornas naturais que ofrece o concello de Vedra, dos que poden dispoñer os equipos participantes.

_Calquera equipo que non se presente ese día antes das 21 h. perderá o dereito a participar no certame.

O CONCURSO

_As curtametraxes realizaranse na súa totalidade en 48 horas, desde as 18 h. do venres 7 de outubro de 2022 ata as 18 h. do domingo 9 de outubro de 2022. Calquera traballo anterior a ese período de tempo significará a descualificación da curtametraxe.

_No inicio do concurso, a organización desvelará os requisitos xerais e específicos que deberán cumprir todas as curtametraxes para poder optar ao premio.

_A lingua empregada nas curtametraxes debe ser o galego. Con todo, non se descualificarán aquelas pezas en que algún personaxe fale noutra lingua por esixencias do guión ou, no caso das curtametraxes documentais, se a lingua en que se expresa algunha das persoas entrevistadas non sexa o galego.

_A organización facilitaralles a todos os equipos información de interese que poida servirles para orientar as pezas ou conseguir recursos (localizacións, recursos, contactos etc.).

_A organización facilitará un espazo para reunións e edición do que poderán dispoñer as persoas participantes nun horario específico.

_Cada persoa ou equipo participante traballará co seu propio material técnico de rodaxe (cámara, móbiles, gravadoras, micros, material de iluminación etc). A organización non se fai responsable de ningún dano, subtracción ou perda do devandito material.

_As persoas ou equipos participantes deben ter os dereitos sobre calquera música utilizada ou empregar música libre de dereitos (con licenza Creative Commons).

_Na creación das curtametraxes existe total liberdade sobre o xénero (ficción, documental, experimental, videodanza...) ou a técnica, sempre e cando se cumpran as condicións xerais e específicas reveladas na recepción do día 7 de outubro ás 18 h. A peza audiovisual deberá ter unha duración máxima de 5 minutos (créditos incluídos).

ENTREGA DA PEZA

_As curtametraxes serán entregadas o domingo 9 de outubro de 2022 ás 18 h. na Nave da Estación de tren de Santa Cruz de Ribadulla en Vedra. Calquera peza audiovisual entregada despois das 18 h. non poderá optar ao premio.

_No caso de que ningunha curtametraxe se entregue antes da hora final do concurso o premio quedará deserto. No caso de que só se entregase unha curtametraxe a tempo, esta optará ao premio, mais o xurado estimará se o declara deserto ou se lle concede a esta única peza.

_Cada grupo só poderá entregar unha peza audiovisual.

_Os equipos deben entregar as pezas audiovisuais nun *pen drive* (que será devolto no mesmo día) en formato .mp4 (H.264), cunha resolución mínima de 720p e bitrate de entre 10.000 e 15.000 kbits/s.

_A organización non se fai responsable se unha peza audiovisual dá erro de lectura ou erro de formato.

_Cada curtametraxe deberá conter na seguinte orde:

- *Cortinilla* (que se poderá descargar da web)
- Título
- Peza audiovisual
- Créditos finais

_Cada equipo ou participante individual deberá entregar cuberta coa peza unha ficha técnica facilitada pola organización coa información da curtametraxe (categoría, título, duración, formato, xénero, sinopse, equipo técnico, equipo artístico...), coa cal se comprobará que cumpriron todas as condicións.

EXHIBICIÓN

- _ Todas as curtametraxes presentadas serán proxectadas publicamente o domingo 9 de outubro de 2022 na Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla en Vedra a partir das 19 h. Posteriormente, farase a entrega de premios.

XURADO

- _ O xurado, composto por profesionais do sector do audiovisual, será o responsable de outorgar os premios ás curtametraxes que cumpran todos os requisitos impostos pola organización.
- _ O xurado poderá declarar deserto o premio así como outorgalo *ex aequo* (neste caso dividiríase o importe do premio entre os equipos premiados).
- _ O fallo do xurado será inapelable.

PREMIOS

- _ O premio do xurado será de 1.000 euros. O premio entregarase mediante transferencia á conta da persoa que figure na inscrición como responsable do equipo gañador. A estas cantidades efectuaránselles as retencións fiscais que resulten obrigatorias en aplicación das normas fiscais vixentes.
- _ O premio do público será unha cesta con produtos locais.

ASPECTOS LEGAIS

- _ As curtametraxes deberán ser orixinais. Cada equipo ou participante individual comprométese a obter todos os dereitos de explotación da peza audiovisual, así como a cesión de dereitos das persoas autoras (guionistas e músicos/as se os houber) e a cesión de dereitos de imaxe de intérpretes.
- _ A organización non se fai responsable das posibles sancións que se deriven polas infraccións de dereitos de terceiros e ten o dereito de non admitir a concurso aquelas curtametraxes que considere que violen os devanditos dereitos.
- _ As curtametraxes que se presenten non poden ser exhibidas antes da entrega de premios do LAV.mov.
- _ As persoas participantes ceden á organización os dereitos de comunicación pública e reprodución das curtametraxes realizadas, de forma non exclusiva, con fins unicamente promocionais e divulgativos do concurso. Así mesmo, a organización conservará unha copia de cada peza producida no seu arquivo.

_A organización conta cun seguro de responsabilidade civil, mais todas as persoas participantes deben actuar con precaución e seguridade nos días que dura o concurso.

_As persoas participantes que queiran presentar noutros circuítos audiovisuais a curtametraxe que realizaron dentro do LAV.mov deberán conservar a *cortinilla*.

_A participación no certame LAV.mov implica a aceptación das normas redactadas nestas bases.